

Artigo 7. *Adopción de medidas provisionais.*

Cando se iniciase un procedemento sancionador, as administracións públicas competentes poderán adoptar ou esixir, mediante acordo motivado, algunha ou algunhas das seguintes medidas provisionais:

- a) As medidas que figuran nos parágrafos a), d) e e) do artigo 4 do presente real decreto lei.
- b) Precintaxe de aparellos, equipos ou vehículos.

Artigo 8. *Concurrencia de sancións.*

1. A responsabilidade polas accións ou omisións tipificadas no presente real decreto lei é de natureza administrativa e non exclúe as doutra orde a que houbese lugar.

2. As sancións que se impoñan a distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

3. Non poderán sancionarse os feitos que foran sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

4. Cando a infracción puidese ser constitutiva de delicto ou falta, darase traslado do tanto de culpa ó Ministerio Fiscal, suspendéndose a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dicte resolución firme ou que poña fin ó procedemento. Os feitos declarados probados na resolución xudicial firme vincularán o órgano administrativo.

5. De non apreciarse a existencia de delicto ou falta, o órgano administrativo competente continuará o expediente sancionador.

Disposición adicional única. *Carácter básico.*

Este real decreto lei constitúe lexislación básica ó abeiro das regras 1.^a e 16.^a do artigo 149.1 da Constitución, salvo o artigo 6.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de abril de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

6919 *REAL DECRETO LEI 9/2001, do 6 de abril, polo que se adoptan medidas adicionais no marco de erradicación das encefalopatías esponxiformes transmisibles.* («BOE» 84, do 7-4-2001.)

A evolución da encefalopatía esponxiforme bovina (EEB) nos diversos países da Unión Europea levou os poderes públicos dos estados membros, no marco das decisións e da normativa comunitaria, a adoptar un conxunto de medidas destinadas a controla-la extensión e os efectos da enfermidade, procurando, como obxectivo fundamental, impedi-lo paso de posibles animais afectados á cadea alimentaria e evitar así mesmo a extensión da enfermidade no gando.

En aplicación desas medidas, en España establecéronse unha serie de obrigas para o sector gandeiro e para a industria agroalimentaria, que se conteñen, entre

outras normas, no Plan integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles (EET), dos animais, aprobado polo Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, e no Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles nos animais.

Todo isto supón para o sector gandeiro e para a industria agroalimentaria un reto de importante dimensión, que os coloca ante un cambio transcendente nas condicións sanitarias e de mercado nas que han de desenvolver-la súa actividade profesional. Por iso, a Administración xeral do Estado coordinou e impulsou todo un paquete de medidas de apoio ó sector, a execución das cales lles corresponde principalmente ás comunidades autónomas, coas cales subscribiu un Plan coordinado de actuación para a loita contra a EEB. A través dese plan, as administracións públicas puxeron en marcha unha serie de actuacións encamiñadas a apoiar transitoriamente o sector gandeiro e a industria agroalimentaria co fin de que eses sectores poidan adaptarse ás novas condicións de funcionamento.

Nunha liña de similar propósito, este real decreto lei postula a adopción de medidas de axuda compensatoria ós sectores afectados, para facilita-la súa adaptación ó novo escenario e palia-lo efecto negativo que produce nas explotacións gandeiras a aparición de EEB, impulsando deste modo a necesaria reestructuración do sector.

A este respecto, a necesidade de garanti-lo pleno e eficaz funcionamento do plan de compra de bovinos de máis de trinta meses polo Fondo Español de Garantía Agraria, co conseguinte saneamento e rexuvenecemento dos efectivos de vacún, determina a conveniencia de mante-lo prezo de compra ata os límites permitidos polo Regulamento comunitario, así como equipara-los prezos das categorías O e P establecidas no Regulamento comunitario, o que supón un incremento no prezo dos bovinos da categoría P. Doutra parte, tamén se considera necesario establecer unha compensación por gastos de transporte desde a explotación ata o matadoiro, que evite unha desincentivación do gandeiro por esa causa.

Así mesmo, no marco do Plan coordinado de actuación para a loita contra a EEB, e coa finalidade de moderniza-lo sector adecuándoo ás necesidades e expectativas actuais e futuras, o real decreto lei considera tamén unha serie de medidas para a reestructuración do sector do gando vacún que se concretarán nun Plan de reestructuración que aprobe o Goberno a partir da proposta consensuada do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as comunidades autónomas e as organizacións sectoriais máis representativas.

Finalmente, prevense outras medidas tendentes a palia-la negativa incidencia da EEB na renda dos gandeiros, especialmente na produción de xovenca e de vaca nutriz. Así mesmo, procédese a unha adaptación do sistema tributario de módulos no réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, co fin de compensa-lo estado de perdas que sofre o sector de vacún como consecuencia da irrupción da EEB, e un réxime de moratoria de pagamento, sen xuro, nas cotas da Seguridade Social e devolución das xa aboadas, en determinadas circunstancias, dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e titulares de explotacións agrarias incluídos no réxime especial de traballadores autónomos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais e da Presidencia e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de abril de 2001,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Medidas de apoio adicionais á compra de bovinos de máis de trinta meses para destrucción

Artigo 1. *Prezo de compra de bovinos de máis de trinta meses para destrucción.*

1. Coa finalidade de asegura-lo funcionamento adecuado do plan de eliminación, autorízase o Fondo Español de Garantía Agraria o mantemento de prezos medios por categoría que alcancen ata un 5 por 100 máis do prezo de base aplicable de acordo co Regulamento (CE) 2777/2000, da Comisión, do 18 de decembro de 2000, polo que se adoptan medidas excepcionais de apoio ó mercado da carne de vacún.

2. A contribución máxima do Fondo Español de Garantía Agraria ó cofinanciamento desta medida será de 60 millóns de pesetas ata o 30 de xuño de 2001.

Artigo 2. *Prezo de compra de bovinos da categoría P.*

1. O prezo de compra dos bovinos de máis de trinta meses adquiridos no marco do Regulamento (CE) 2777/2000 pertencentes á clase de conformación P de acordo co modelo de clasificación de canais de vacún regulado no Real decreto 1892/1999, do 10 de decembro, polo que se aplica o modelo comunitario de clasificación das canais de vacún pesado e as normas comunitarias sobre rexistro de prezos, igualarase ó prezo dos bovinos da clase de conformación O.

2. Esta medida será de aplicación desde o 1 de xaneiro ata o 30 de xuño de 2001. A contribución máxima do Fondo Español de Garantía Agraria ó cofinanciamento desta medida será de 202,36 millóns de pesetas.

Artigo 3. *Compensación polos gastos de transporte desde a explotación ata o matadoiro designado.*

1. Coa finalidade de asegura-lo funcionamento adecuado do plan de eliminación, establécese unha medida compensatoria a favor dos beneficiarios do plan de compra de bovinos de máis de trinta meses para destrucción destinada a paliar os custos de transporte do animal desde a explotación ata o matadoiro designado para o efecto. A medida estará vixente por todo o tempo de duración do plan de compra.

2. O importe máximo da axuda será de 3 pesetas por quilogramo de peso do animal transportado.

3. Esta medida será de aplicación desde o 1 de xaneiro ata o 30 de xuño de 2001. A contribución máxima da Administración xeral do Estado ó financiamento desta medida será de 172,5 millóns de pesetas.

CAPÍTULO II

Medidas de apoio adicionais á reestructuración do sector do vacún

Artigo 4. *Plan de reestructuración do sector de vacún.*

1. Dentro do primeiro semestre do ano 2001, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración coas comunidades autónomas e coas cooperativas agrarias e as organizacións máis representativas do sector, presentará para a aprobación do Goberno un plan de reestructuración do sector do vacún con obxectivos concretos e un calendario específico no que se inclúan, polo menos, as seguintes medidas:

a) Mecanismos de axuda para o cesamento das producións e para a mellora da industrialización e a capacidade comercial no sector do leite de vacún.

b) Mecanismos de axuda compatibles co dereito comunitario que permitan a reestructuración das industrias agroalimentarias relacionadas co sector do vacún e o retorno á viabilidade financeira de empresas e explotacións agropecuarias con dificultades conxunturais, todo iso garantindo que non se produzan distorsións da competencia.

c) Axudas a investimentos de diversificación amparados pola normativa comunitaria sobre mellora da eficacia das estruturas agrarias.

d) Medidas de redución dos efectivos de bovino e de apantallamento que incentiven os sacrificios preventivos e a non reposición de animais ata conseguilo redimensionamento dos efectivos de gando.

2. Para o financiamento do plan de reestructuración, unha vez aprobado polo Goberno, habilitase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación a subscribir co Instituto de Crédito Oficial o oportuno convenio para préstamos bonificados compatibles coas directrices comunitarias ata un importe máximo da liña de préstamos de 50.000 millóns de pesetas, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. A bonificación dos xuros financiarase con cargo ó orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. Para os efectos da constitución dos avais necesarios ós préstamos bonificados a que se refire o presente artigo, autorízase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación a subscribi-lo correspondente convenio de colaboración coa Sociedad Anónima Estatal de Causación Agraria (SAECA).

4. A contribución máxima da Administración xeral do Estado para a bonificación destes préstamos será de 6.138 millóns de pesetas, incluíndo o cofinanciamento do importe do aval necesario, de se-lo caso.

CAPÍTULO III

Outras medidas adicionais de apoio ó sector de vacún

Artigo 5. *Medidas de apoio ás vacas nutrices.*

1. Coa finalidade de apoiar os produtores que posúen vacas nutrices, establécese unha subvención á vaca nutriz co importe máximo, así como as condicións de aplicación, que establecerá o Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A contribución máxima da Administración xeral do Estado para o financiamento desta medida será de 9.481 millóns de pesetas.

Artigo 6. *Medidas de apoio á produción de carne de xovenca.*

1. Coa finalidade de apoiar a produción de carne de xovenca, establécese unha axuda complementaria á prima por sacrificio establecida no artigo 12 do Real decreto 1973/1999, do 23 de decembro, sobre determinadas axudas comunitarias en gandería, para xovenca de idades comprendidas entre os oito e os vinte meses, e sacrificadas entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2001.

2. A axuda poderá alcanzar un importe máximo de 13.000 pesetas por animal e, en calquera caso, a contribución máxima da Administración xeral do Estado para o financiamento desta medida será de 3.432 millóns de pesetas.

Artigo 7. *Modificación no rendemento neto da actividade gandeira de vacún para efectos da súa tributación no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O Ministerio de Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, aprobará, con carácter excepcional para o ano 2001, a redución dos índices de rendemento neto, ós que se refire a Orde do 29 de novembro de 2000, que desenvolve o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicables ó sector de vacún afectado pola irrupción da encefalopatía esponxiforme bovina.

Artigo 8. *Cotas da Seguridade Social.*

1. Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e os titulares de explotacións agrarias incluídos no réxime especial de traballadores autónomos, afectados polo Plan coordinado de actuación de loita contra a EET, gozarán dunha moratoria de dous anos, sen xuro, no pagamento das súas cotas fixas mensuais correspondentes ó período entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2001, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

2. Así mesmo, concederáse unha moratoria de dous anos, sen xuro, no pagamento das cotas empresariais por xornadas reais do réxime especial agrario da Seguridade Social, correspondentes ó período sinalado na alínea anterior, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

3. A moratoria e, de se-lo caso, a devolución das cotas, deberán ser solicitadas polos afectados dentro do prazo e cos requisitos que para o efecto determine o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través do organismo competente.

Artigo 9. *Plan de información a gandeiros.*

1. Autorízase o Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación á negociación e sinatura dun convenio de colaboración coas asociacións e organizacións de produtores agrarias para facilitar mecanismos de información ós gandeiros sobre as obrigas sanitarias e doutra índole establecidas na normativa de erradicación da encefalopatía esponxiforme bovina.

2. O importe máximo da contribución da Administración xeral do Estado para o financiamento desta medida será de 50 millóns de pesetas.

Disposición adicional primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a, 16.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúen ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. *Compatibilidade das axudas.*

As axudas reguladas nesta disposición serán compatibles coas que, de se-lo caso, establezan as comunidades autónomas afectadas coa mesma finalidade, respectándose en todo caso os límites establecidos para o efecto polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario.

Disposición adicional terceira. *Financiamento.*

O financiamento necesario para atende-lo custo das medidas contidas neste real decreto lei dotarase no orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimenta-

ción, con cargo ás distintas seccións orzamentarias, e para eses efectos autorízase o Goberno a realiza-las transferencias de crédito que se consideren necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións previstas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria e no artigo 11 da Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2001.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros de Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais e de Agricultura, Pesca e Alimentación, para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de abril de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

7791 *REAL DECRETO 410/2001, do 20 de abril, polo que se regula a pesca con artes fixas no caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste. («BOE» 96, do 21-4-2001.)*

O Regulamento (CEE) 3760/92, do Consello, do 20 de decembro, polo que se establece un réxime comunitario da pesca e a acuicultura, fixa como obxectivo xeral da política pesqueira común a protección e conservación dos recursos mariños e a organización, sobre unha base sustentable, da explotación racional e responsable destes, en condicións económicas apropiadas para o sector, tendo en conta as súas repercusións no ecosistema mariño e tomando en consideración, en particular, tanto as necesidades dos produtores como as dos consumidores.

O Regulamento (CE) 850/98, do Consello, do 30 de marzo, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños, regulou as dimensións mínimas das mallas das redes de enmalle nas augas comunitarias e, entre elas, as da Rexión 3, na que se engloba o caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece entre os seus fins os de velar pola explotación equilibrada e responsable dos recursos pesqueiros, favorecendo o seu desenvolvemento sustentable, e adopta-las medidas precisas para protexer, conservar e rexenerar estes recursos e os seus ecosistemas, adaptando o esforzo da flota á situación dos recursos pesqueiros.

As modalidades de pesca que se practican con artes fixas teñen grande importancia, económica e social, no litoral do Cantábrico e Noroeste, afectando a un elevado número de embarcacións, a maioría de pequeno porte, cunha notable repercusión sobre os recursos pesqueiros do dito caladoiro. Entre este tipo de artes de pesca